

**CONVENIO ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A AXENCIA DE
TURISMO DE GALICIA PARA A ADSCRICIÓN DO CENTRO SUPERIOR DE HOSTALARÍA
DE GALICIA Á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Universidade de Santiago de Compostela, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos dende a data da sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regulamentar a adscrición do Centro Superior de Hostalería de Galicia á USC nos termos regulados no artigo 42 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos Estatutos da USC para a impartición dunha titulación de grao no ámbito da innovación gastronómica e a xestión hoteleira coa denominación de Grao en Xestión de Empresas Hostaleiras.

Se, a consecuencia do establecemento de normas de carácter xeral, resultasen afectadas ou modificadas cláusulas do presente Convenio, as partes outorgantes do mesmo acordarán a súa adecuación a aquelas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A USC é unha Institución Pública que desenvolve o servizo público de educación superior, e que está dotada de plena personalidade xurídica gozando de autonomía de conformidade cos seus Estatutos e coas normas de lexislación vixente.



Segundo.- Na Dirección de Profesionalización da Axencia Turismo de Galicia atópase o Centro Superior de Hostalaría de Galicia (en diante, CSHG) que que entre as súas funcións está o desenvolver a docencia e a investigación conforme as exigencias metodolóxicas e substantivas propias de toda institución do ámbito universitario.

Terceiro.- A USC é consciente da necesidade, para o desenvolvemento social e económico da Comunidade Autónoma de Galicia, de impulsar estudos superiores no ámbito do sector da hostalaría e o Centro Superior de Hostalaría de Galicia é igualmente consciente da oportunidade de adscrición do Centro á USC.

Cuarto.- As partes xa formalizaron diversos convenios para afianzar a súa relación e que a experiencia recollida nestes anos no desenvolvemento dun título propio fan aconsellable avanzar nesa relación coa implantación dun novo título, neste caso oficial e con validez en todo o territorio nacional. Con data do 25 de xaneiro de 2021 subscribiuse o Convenio entre a USC e a Axencia de Turismo de Galicia para a Adscrición do Centro Superior de Hostalaría de Galicia á Universidade de Santiago de Compostela, que prevía na súa cláusula vixésimo terceira un prazo de vixencia de catro anos, tras os cales as partes poderían acordar a súa prórroga expresa por un período de ata catro anos adicionais, ou un novo convenio de adscrición. En consecuencia propónse subscribir un novo convenio que estableza a adscrición do centro á USC, de conformidade co artigo 42 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, co artigo 22 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia e conforme ao Real Decreto 640/2021, do 27 de xullo, de creación, recoñecemento e autorización de universidades e centros universitarios, e acreditación institucional de centros universitarios. Todo isto sen prexuízo dos acordos anteriores sobre o título propio en tanto non se produza a súa extinción.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen, ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2004, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

